



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Novembro 2016


Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2016

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en novembro de 2016 un crecemento do 6,4% con respecto a novembro de 2015, mentres que a nivel nacional o crecemento interanual foi do 4,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todas as repercusións foron positivas: os bens de consumo (2,3 puntos), os bens de equipo (0,1 puntos), os bens intermedios (1,6 puntos) e a enerxía (2,4 puntos).
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “industria da alimentación” (1,9 puntos), á “producción de enerxía eléctrica” (1,5 puntos) e a “fabricación de produtos metálicos” (1,2 puntos).
- Polo contrario, entre as que mostran maior achega negativa destacan a “confección de roupa de vestir” (-0,7 puntos), a “fabricación doutro material de transporte” (-0,5 puntos) e a “fabricación de maquinaria e equipamento” (-0,4 puntos).

### Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2016



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de novembro de 2016 en Galicia acadou un incremento interanual do 6,4%, mellorando en 5,2 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (1,2%). En España rexistrouse un crecemento do 4,6%, mellorando en 6,9 puntos a taxa acadada no mes anterior (-2,3%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 8,1%, o que suma 2,3 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** presentan un aumento do 0,2%, o que achega unha décima á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** medran un 5,5% cunha repercusión positiva de 1,6 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 12,6%, o que achega 2,4 puntos á taxa interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de outubro de 2016, por destino económico, os bens de consumo melloran 8,9 puntos, os bens de equipo melloran 4,3 puntos, os bens intermedios melloran 4,6 puntos e a enerxía mellora 2,4 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de novembro foron: “industria da alimentación” que achega 1,9 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” que achega 1,5 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que achega 1,2 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas destacan as ramas de “confección de roupa de vestir” que resta 0,7 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que resta 0,5 puntos e a “fabricación de maquinaria e equipamento”, que resta 0,4 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 8,9% da C. Valenciana e o -4,5% de Asturias. Ademais da C. Valenciana, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Balears (8,2%), Cantabria (7,2%), Madrid (6,7%), Galicia (6,4%), Navarra (6,2%), Cataluña (5,5%) e Canarias (5,3%).

#### IPI novembro 2016 Taxas de variación en %



#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Novembro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	98,1	6,4	4,7	--	--
Bens de consumo	117,8	8,1	5,0	2,3	1,4
Bens de equipo	71,7	0,2	0,8	0,1	0,2
Bens intermedios	99,6	5,5	6,7	1,6	1,9
Enerxía	115,0	12,6	5,8	2,4	1,2
<b>España</b>					
Xeral	101,6	4,6	1,9	--	--
Bens de consumo	103,7	4,4	2,2	1,2	0,6
Bens de equipo	109,7	2,8	3,8	0,7	0,8
Bens intermedios	100,8	5,1	2,0	1,6	0,6
Enerxía	90,9	6,7	-0,7	1,1	-0,1

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro 2016**

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>6,4</b>		<b>4,7</b>		
Industria da alimentación	14,0	1,9	4,5	0,7	12,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire aco	8,7	1,5	5,4	1,0	14,7
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	16,0	1,2	9,6	0,7	8,7
Fabricación de mobles	57,5	0,8	20,2	0,3	1,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	7,7	0,4	7,2	0,4	4,5
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirrem	3,0	0,3	7,7	0,9	11,4
Industria química	8,3	0,2	9,9	0,2	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	13,2	0,1	6,3	0,1	1,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	2,7	0,1	9,5	0,4	3,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	3,3	0,1	11,6	0,4	3,5
Industria do papel	4,3	0,1	8,5	0,2	1,8
Industria téxtil	20,4	0,1	7,9	0,0	0,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-0,1	0,0	2,7	0,1	5,0
Fabricación de bebidas	-0,2	0,0	4,7	0,2	3,6
Outras industrias extractivas	-1,8	0,0	-10,9	-0,1	1,7
Outras industrias manufactureiras	-7,5	0,0	-1,6	0,0	0,4
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-5,1	-0,1	-10,1	-0,2	3,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-18,1	-0,4	-7,2	-0,1	2,1
Fabricación doutro material de transporte	-14,3	-0,5	-12,2	-0,4	6,7
Confección de roupa de vestir	-9,3	-0,7	0,5	0,0	5,3
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e óptic	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Novembro 2016**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>101,6</b>	<b>4,6</b>	<b>1,9</b>
Galicia	98,1	6,4	4,7
Andalucía	92,4	3,6	0,0
Aragón	99,6	2,8	-3,5
Asturias	94,3	-4,5	-8,8
Balears (Illes)	80,2	8,2	1,9
Canarias	97,5	5,3	1,2
Cantabria	95,6	7,2	-1,6
Castilla - La Mancha	92,8	-0,2	-1,7
Castilla y León	106,3	2,6	5,5
Cataluña	108,6	5,5	3,7
Comunitat Valenciana	113,8	8,9	4,5
Extremadura	78,7	-0,6	0,0
Madrid	94,2	6,7	3,8
Murcia	90,0	-0,2	-1,6
Navarra	105,0	6,2	0,1
País Vasco	104,5	4,3	1,9
Rioja (La)	99,4	-3,6	-5,0

Fonte: INE